



CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A “CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)” NO MARCO DO FOMENTO DO EMPREGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA SERVIZOS DE ATENCIÓN CIDADÁ E ASESORAMENTO XURÍDICO EN MATERIA LABORAL E XORNADA FORMATIVA DURANTE O ANO 2022 (EXPTE. 19604/77)

En Vigo, na Casa do Concello de Vigo, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, dona Elena Espinosa Mangana, na súa calidade de Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), con enderezo na Praza do Rei núm. 1 de Vigo.

Doutra parte, D. Alberto Gonçalves Herrero, con DNI 36050811J, en representación da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) (CIF G36706927) e enderezo social na Rúa Gregorio Espino 47- Ent., de Vigo, segundo documentación incorporada ao expte. 19604/77, persoa responsable da sinatura do presente convenio.

E, actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal, e dando fe do acto que se celebra.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

MANIFESTAN

PRIMEIRO: Que dacordo coa coa RA de delegación de competencias do 06/09/2022, correspóndelle á Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego, o deseño e dirección das políticas activas de emprego, fundamentalmente as relacionadas coa mellora da empregabilidade, de cara a fomentar a adaptación das persoas traballadoras, impulsar e dirixir os Pactos Locais polo Emprego e en materia de relación cos sindicatos, actuar como interlocutor coas diferentes entidades sindicais, fomentando o diálogo aberto e escoita activa así como a procura de acordos nos aspectos con maior impacto socio económico na cidade, así como, a planificación e execución das políticas públicas municipais en materia social e relacións laborais, adecuadas ao actual contexto socioeconómico.

SEGUNDO: Que unha das tarefas fundamentais do Concello de Vigo é a mellora do benestar da súa cidadanía, sendo un elemento primordial para acadar este benestar a interacción desta co mercado laboral.

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local establece no seu artigo 3.3 – a propósito das competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación- que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos (apartado terceiro a) nin a continuidade



da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores (apartado terceiro b); como é o caso das convocatorias de subvencións e convenios que se veñen formalizando en exercicios anteriores dende o Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dende, polo menos, o ano 2013, mediante a sinatura de convenios coa “**CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG-Vigo)**”, para a o desenvolvemento de proxectos de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa de Igualdade.

Neste marco normativo, cómpre subliñar que a Xunta de Goberno Local, mediante acordo do 09/03/2012, considerou que o fomento do emprego, constitúe unha actividade prioritaria dentro desta Administración municipal en atención ao seu persoal beneficiario, e no marco de contextos económicos e sociais desfavorables.

Así mesmo, a Disposición adicional primeira, adicada ás competencias atribuídas pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local establece que *as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*. A este respecto, cómpre subliñar que corresponde a materias de competencia propias do Concello o disposto segundo as letras k) e p) do artigo 80.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e que a empregabilidade e as políticas activas de emprego, segundo se indica no artigo 4 da Lei 56/2003, do 16 de decembro, de Emprego, na redacción dada polo artigo 2 del R.D.L. 3/2011, do 18 de febreiro, de medidas urxentes para a mellora da empregabilidade e a reforma das políticas activas de emprego, terán unha dimensión local.

O fomento do emprego constitúe un obxectivo prioritario das políticas públicas, especialmente necesario no actual contexto das novas necesidades xurdidas da crise sanitaria e da crise debido á guerra de Ucraína e as súas repercusións no ámbito sociolaboral, que poden provocar cifras históricas de destrución de emprego, e tamén, dentro das medidas de fomento do emprego en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, e empresariais máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociolaboral, as cales redundan no beneficio da cidade

TERCEIRO: Que a CIG é unha organización sindical maioritaria, en número de representantes sindicais, do seu ámbito territorial, e posúe unha acreditada experiencia no deseño e execución, con éxito, de diversos proxectos en cooperación con entidades e administracións públicas.

Segundo contempla o art. 6 do Título I dos seus Estatutos confederais, é unha organización sindical de traballadores/as galegas, con obxectivos sociais como a profundización democrática e social, o pleno exercicio de todos os dereitos humanos e o impulso da participación sociopolítica, entre outros.

Deste xeito, co obxecto de contribuír á consecución dos fins públicos obxecto de protección, a través de fórmulas de colaboración con axentes sociais de ampla representatividade, dáse trámite ao procedemento de “Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no marco do fomento do emprego para o desenvolvemento do programa de servizos de atención cidadá e asesoramento xurídico en materia laboral e xornada formativa durante o ano 2022”:



I.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), conforme á proposta presentada no rexistro xeral do Concello de Vigo o pasado día 20/09/2022, a través dos documento con número de rexistro de entrada 220225412 ten por obxecto a organización das seguintes accións de carácter sociolaboral de interese para a cidadanía no marco do fomento do emprego:

- ✓ Desenvolvemento dun servizo de atención xeral ao público.
- ✓ Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
- ✓ Realización dunha actividade formativa pública “O contexto laboral con perspectiva de xénero”, onde se analiza a situación sociolaboral e os seus impactos específicos en clave de xénero, así como a incidencia dos recentes cambios normativos a nivel laboral no que ten a ver coa promoción da igualdade de condicións e retribucións, ou a implementación de plans de igualdade.

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), a condición de partícipe na súa contribución na defensa e promoción dos intereses económicos e sociais que lles son propios, como síntoma da boa saúde dun estado social e democrático de dereito no que a mellora da igualdade no emprego contribuiría favorablemente no eido laboral da cidade.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo.

Estas circunstancias así como a presenza que ten a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) entre o tecido económico e laboral, e a existencia dunha partida nominativa nos orzamentos do Concello de 2022, para o desenvolvemento dun convenio coa CIG para o fomento do emprego, xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente, os intervincentes conclúen o presente convenio co fin de regular os termos da concesión da devandita axuda, co obxecto de desenvolver un proxecto para axudar ás persoas máis vulnerables, especialmente necesario nas actuais circunstancias, atendendo ás graves repercusións económicas e sociais provocadas pola situación de crise sanitaria xerada polo COVID-19.

V.- Que a Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) non está incursoa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo), o Concello de Vigo e a dita organización sindical conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes



PACTOS

Primeiro.- A Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego do Concello de Vigo en canto á dinamización e fomento do emprego entre a cidadanía viguesa, e a levar a cabo as actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente:

1. Desenvolver un servizo de atención xeral ao público.
2. Reforzo da actividade de asesoramento xurídico laboral.
3. Realización dunha actividade formativa pública “O contexto laboral con perspectiva de xénero”, onde se analiza a situación sociolaboral e os seus impactos específicos en clave de xénero, así como a incidencia dos recentes cambios normativos a nivel laboral no que ten a ver coa promoción da igualdade de condicións e retribucións, ou a implementación de plans de igualdade.
4. No emprazamento das accións e na páxina inicial da web da entidade deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.
5. Calquera edición, roupa de traballo e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio realizaranse no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible ás carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. Cmpir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
9. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación, supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo).
3. Conceder directamente á Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) unha subvención por importe de 37.000,00 € que corresponden aos custos salariais e de seguridade social do persoal asignado ao proxecto, subministro eléctrico, mantemento do local e gastos de organización e xestión da xornada, necesarios para o desenvolvemento do convenio, con cargo á partida 2410 4800002 “Convenio CIG Fomento do Emprego”, dos orzamentos xerais do Concello de Vigo, co obxecto de coadxuvar ao financiamento dos gastos de contratación de persoal, xestión e organización das actividades previstas.

Terceiro.- Esta axuda será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.



A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade conveniada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada obxecto do convenio.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade. A devandita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- ✓ A información, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- ✓ En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- ✓ O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego.

Sétimo.- A presente subvención rexistrarase na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

Oitavo.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando polo menos o 40 % do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

Noveno.- O pagamento da subvención realizarase logo de que a beneficiaria xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) mediante a presentación dunha memoria final, coa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo de xustificación realizarase nos 7 (sete) días hábiles seguintes á sinatura do convenio por ambas partes.



En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), a beneficiaria está obrigada a relacionarse electronicamente coas Administracións Públicas.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente

No caso de que se achegue a documentación presencialmente, requirirase a súa subsanación mediante a súa presentación electrónica. A estes efectos, considerarase como data de presentación da documentación aquela na que tivese realizado a subsanación.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tal efecto deberá achegar a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:

Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual. Indicaranse as actividades realizadas e os resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte documentación: denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado; datas e lugar de celebración; colectivo afectado, nº de beneficiarios e programación desenvolvida; nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes; actuacións realizadas; exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

A memoria económica da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos á que se xuntarán as **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas asinadas electrónicamente** e/ou os demais documentos de valor probatorio equivalente.

Reflectiranse nunha táboa todos os gastos acreditados mediante facturas electrónicas e/ou copias asinadas electronicamente, indicando o **nome de empresa**, o número de **CIF**, a **data**, o **número de factura** e o **IVE**. Computarase o gasto acreditado **deducindo o IVE**, salvo que se xustifique a exención do dito imposto (achegarse, a tal efecto, unha declaración responsable da entidade de non dedución do IVE ou o acordo de exención do IVE) e deberá indicarse o **importe que se imputa** á subvención (total/parcial).

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.



Conforme establece o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvención, no seo artigo 70.3, transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada aos efectos previstos neste Capítulo. A falla de presentación da xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de Subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á Lei Xeral de Subvencións, correspondan.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ao 30 de setembro de 2022.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da axuda será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego. A xefa do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade obxecto da subvención.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG, nos casos:

1. Incumplimento total ou parcial do obxectivo, da actividade ou do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
2. Incumplimento da obriga de xustificación ou a xustificación insuficiente.
3. Incumplimento da obriga de adoptar as medidas de difusión contidas no apartado sétimo do convenio.
4. Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, así como o incumplimento das obrigas contables, rexistrais ou de conservación de documentos cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.
5. Incumplimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión da axuda, sempre que afecten ou se refiran ao modo en que se conseguen os obxectivos, se realiza a actividade, se executa o proxecto ou se adopta o comportamento que fundamenta a concesión da axuda.
6. Incumplimento das obrigas impostas pola administración ás entidades colaboradoras e beneficiarios, así como dos compromisos por estes asumidos, con motivo da concesión



da axuda, distintos dos anteriores, cando diso se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade e regularidade das actividades obxecto do convenio, ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, estatais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Cando o incumprimento da actividade obxecto do convenio se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo do convenio, procederá o reintegro da axuda na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da axuda sobre o custo da actividade obxecto do convenio.

Décimo quinto- En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento, para a súa apreciación e imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Décimo sexto.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPDP do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org



Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola Confederación Intersindical Galega (CIG-Vigo) no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitavo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o seu regulamento de desenvolvemento; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Décimo noveno.- O período de vixencia do convenio remata o 31 de decembro de 2022.

E, en proba da súa conformidade, asinan electrónicamente o presente convenio, en data das devanditas sinaturas

Tenente de Alcalde e concelleira delegada da Área de Economía, Fondos Europeos, Patrimonio e Emprego	Secretario de Organización da Unión Comarcal de Vigo da CIG
Elena Espinosa Mangana	D. Alberto Gonçalves Herrero